



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA Nº 8/2019
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 4 DE XULLO
DE 2019

ORDE DO DÍA

- I.- ACTA ANTERIOR
- II.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
- III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS MESMAS
- V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR
- VI.- DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL. RETRIBUCIÓNS, INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL
- VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

Raquel Giráldez Armas
Diego García Moreira
Ruben Rial Sánchez
Jose Luis Sanromán Román
Alfonso Vázquez Pérez
Bibiana Peixoto Iglesias
Marina Vidal Lorenzo
Patricia Diego Travieso
Cristina Dosil Valverde
María Esperanza Mayán Areal
Ladislao Alonso Valverde

- PP

Carlos Javier Abal Valverde
María José Pino Fernandez
Álvaro Pereira Sanromán
Javier Albores Míguez

--





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: Modesto Solla Sanz
Secretario: Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* 4 de xullo de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 13:04
- *Hora de remate:* 13:30.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Membros non asistentes:* Nuria Lorenzo López.

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 15 de xuño de 2019

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión constitutiva da Corporación, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Acordo.- Co voto favorable dos dezaseis membros da Corporación presentes apróbase a acta da sesión constitutiva de 15 de xuño de 2019.

II.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

O Pleno toma coñecemento do seguinte:

1. Con data 20 de xuño de 2019 (nº entrada 7439) os catro Concelleiros elixidos na lista do Partido Popular constitúense en grupo político municipal, co seguinte detalle:

Denominación	Compoñentes	Voceiro/as
PP	Carlos Javier Abal Valverde	1
	Maria José Pino Fernández	2





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Álvaro Pereira Sanromán	3
Javier Alborés Míguez	4

2. Con data 21 de xuño de 2019 (entrada 7573) os trece Concelleiros elixidos na lista do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE constitúense en grupo político municipal, co seguinte detalle:

Denominación	Compoñentes	Voceiro/as
PSOE	Juan Antonio González Pérez	1
	Raquel Giráldez Armas	2
	Diego García Moreira	3
	Rubén Rial Sánchez	4
	Nuria Lorenzo López	5
	Jose Luis Sanromán Román	6
	Alfonso Vázquez Pérez	7
	Bibiana Peixoto Iglesias	8
	Marina Vidal Lorenzo	9
	Patricia Diego Travieso	10
	Cristina Dosil Valverde	11
	María Esperanza Mayán Areal	12
	Ladislao Alonso Valverde	13

III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expte: 2019/025S

Proposta da Alcaldía.

A) SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DO CONCELLO

Marco normativo.

O art. 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que son sesións ordinarias aquelas con periodicidade preestablecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que convocará o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación.

Pola súa parte o art. 47 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido do Réxime Local, determina que as Corporacións locais poderán establecer elas mesmas o seu réxime de sesións e que os días das reunións ordinarias serán fixados previamente por acordo da Corporación.

O art. 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción que lle deu a Lei 11/1999, do 21 de abril, establece que o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos municipios cunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Proposta.

Establecer o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- *Periodicidade*: mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria.
- *Días*: O último luns de cada mes. No mes de decembro celebrárase o luns da semana anterior á de Nadal.
- *Hora*: 12:00.

Con carácter xeral cando o día inicialmente previsto coincida en festivo adiantarase ao día hábil inmediato anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

B) SESIÓN ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Marco normativo.

O art. 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que se o regulamento orgánico non prevé outra cousa a Xunta de Goberno local de Goberno celebrará sesión ordinaria cada 15 días como mínimo. Pola súa parte, o art. 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, determina que a *Comisión de Goberno* para exercer as súas competencias resolutorias terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación, e para o exercicio das súas funcións de asistencia, reunirse cando o presidente da Corporación o determine. Correspóndelle ó Alcalde fixar, mediante Decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria, segundo o previsto no mencionado art. 112 do Regulamento de Organización.

Proposta.

A Xunta de Goberno local celebrará as súas sesións ordinarias, no caso de que existan asuntos para someter á súa consideración, con periodicidade semanal, nos días e horas que determine a Alcaldía.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a proposta. Resalta que os plenos ordinarios celebraranse ás doce da mañá. A experiencia de celebralos pola tarde para facilitar á asistencia dos cidadáns non deu o resultado esperado. A celebración de mañá pode resultar máis operativa e áxil. Isto non impide que nas ocasións en que as cuestións o requiran, por suscitar máis expectación, poidan celebrarse noutro horario e incluso utilizar o auditorio municipal, polo seu maior aforo.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

constar:

- Votos a favor: 16; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a Proposta da Alcaldía.

IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS MESMAS

Expte: 2015/025S

Proposta da Alcaldía

Marco normativo

O art. 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) O Alcalde é o Presidente nato de todas elas; sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, á proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ó Alcalde, do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

Por outra parte o art. 127 do citado Regulamento determina o seguinte:

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o art. 116 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición, integración e funcionamento axústase ó establecido para as demais Comisións Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.
3. Ben sexa a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Entidade.

O art. 134 do repetido Regulamento de Organización dispón que as Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza o Alcalde, ou o seu respectivo Presidente.

d) A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Nigrán debe existir por determinalo así o Regulamento Orgánico municipal que a regula (BOP de 18-01-2016).

A.- CREACIÓN

Créanse as seguintes Comisións informativas permanentes:

1.- **Comisión Especial de Contas**, que actuará tamén como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e á facenda municipal.

2.- **Comisión de Asuntos Xerais**, que ditaminará as cuestións que non correspondan ó ámbito das demais Comisións.

3.- **Comisión de Urbanismo**, que se ocupará dos asuntos relativos ó planeamento, xestión e disciplina urbanística, e demais cuestións relativas ó Réxime do Solo e a Ordenación Urbana.

4.- **Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións**, que exercerá as funcións previstas no seu Regulamento Orgánico e tamén as determinadas no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá (BOP 10-08-2016).

B.- COMPOSICIÓN

As Comisións informativas, presididas polo Alcalde, e na súa ausencia polo Tenente de Alcalde, estarán integradas, ademais, por seis Concelleiros, distribuídos da seguinte forma:

<u>Grupo político</u>	<u>Nº. Membros</u>
Grupo PSOE	5
Grupo PP	1

C.- FUNCIONAMENTO

Sesións ordinarias.- As Comisións Informativas celebrarán as sesións ordinarias, no caso de que existan asuntos das súa competencia para ditaminar, da seguinte forma:

- A *Comisión Especial de Contas* celebrará sesión ordinaria o luns da semana anterior á do Pleno ordinario, ás 12:30 horas.

- A *Comisión de Asuntos Xerais* celebrará sesión ordinaria o luns da semana anterior





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

á do Pleno ordinario, ás 13:00 horas.

- *A Comisión de Urbanismo* celebrará a sesión ordinaria o luns da semana anterior á do Pleno ordinario, ás 13:30 horas.

- *A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións*, segundo o seu Regulamento Orgánico, reunirse de forma ordinaria, polo menos, unha vez ao trimestre. A tal efecto sinálase como día da sesión o luns da semana anterior á do Pleno ordinario correspondente, ás 14:00 horas.

D.- ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ÁS COMISIÓNS

Corresponde a cada grupo sinalar de entre os seus membros aos que deban formar parte das respectivas Comisións Informativas.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica o contido da proposta e fai fincapé na previsión de reunir todas as Comisións no mesmo día da semana para facilitar a asistencia dos seus membros, que deste xeito so terían que pedir un día no seu traballo. Invita ao grupo Popular a propoñer aos seus representantes (o grupo Socialista xa os comunicara previamente).

Carlos Javier Abal Valverde, do grupo Popular: Indica cales serán os representantes do seu grupo nas distintas Comisións informativas.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Primeiro. Aprobar nos seus propios termos a Proposta da Alcaldía.

Segundo. Tomar razón da adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que formar parte da mesma, comunicada polos respectivos Voceiros:

1.- Comisión Especial de Contas.

- Polo grupo Socialista:
 - Raquel Giráldez Armas
 - Nuria Lorenzo López
 - Jose Luís Sanromán Román
 - Alfonso Vázquez Pérez
 - Ladislao Alonso Valverde
- Polo grupo Popular:
 - Carlos Javier Abal Valverde

2.- Comisión de Asuntos Xerais.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Polo grupo Socialista:
Raquel Giráldez Armas
Jose Luís Sanromán Román
Alfonso Vázquez Pérez
Marina Vidal Lorenzo
Ladislao Alonso Valverde
- Polo grupo Popular:
María José Pino Fernandez

3.- Comisión de Urbanismo.

- Polo grupo Socialista:
Diego García Moreira
Nuria Lorenzo López
Alfonso Vázquez Pérez
Jose Luís Sanromán Román
Ladislao Alonso Valverde
- Polo grupo Popular:
Javier Albores Míguez

4.- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións,

- Polo grupo Socialista:
Raquel Giráldez Armas
Nuria Lorenzo López
Marina Vidal Lorenzo
Cristina Dosil Valverde
Ladislao Alonso Valverde
- Polo grupo Popular:
Álvaro Pereira Sanromán.

V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR

Expte: 2019/025S

Proposta da Alcaldía

Os Estatutos da Mancomunidad de Municipios do Val Miñor aprobados polo Pleno do Concello na sesión do 18 de decembro de 1992, establecen, no seu Artigo 9, o seguinte:

Xunta da Mancomunidad: É o órgano supremo de goberno e administración da Mancomunidad, á que personifica co carácter de Corporación de dereito público.

Cada Municipio estará representado na Xunta da Mancomunidad polo seu





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Alcalde, con carácter nato, e ademais, por catro Concelleiros, designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

Os Concelleiros representantes dos Concellos na Xunta da Mancomunidade cesarán no seu mandato pola perda da súa condición representativa ou cando sexan substituídos, polo Concello ó que representen.

Constituída Corporación municipal tralas eleccións locais do 26 de maio de 2019 procede nomear novos representantes na citada entidade, polo que se propón ó Pleno que adopte o seguinte **ACORDO**:

Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros/as, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Tres Concelleiros/as pertencentes ao grupo PSOE
- Un Concelleiro/a pertencente ao grupo PP

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Respondendo a unha pregunta do voceiro Popular, *Sr. Abal Valverde*, explica que o reparto de postos na Mancomunidade obedece a que os Estatutos da mesma unicamente contemplan catro postos de Concelleiros a designar polo Pleno.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a Proposta da Alcaldía e en consecuencia:

Primeiro. Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros/as, propostos/as polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Tres Concelleiros/as pertencentes ao grupo PSOE.
- Un Concelleiro/a pertencente ao grupo PP.

Segundo. Á vista das propostas formuladas neste acto polos respectivos grupos municipais, désígnanse como representantes do Concello de Nigrán na Xunta da Mancomunidade, ademais do Sr. Alcalde-Presidente, aos seguintes Concelleiros:

Rubén Rial Sánchez (PSOE)
Marina Vidal Lorenzo (PSOE)
Bibiana Peixoto Iglesias (PSOE)
Carlos Javier Abal Valverde (PP)





VI.- DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL. RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL

Dáse conta da proposta da Alcaldía de 1 de xullo de 2019.

A Intervención emitiu informe con data 4-7-2019 (Ref. 132/19), formulando reparos á proposta.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Mantéñense as tres dedicacións exclusivas do anterior mandato. Dá conta de quen as desempeñará e os respectivos importes. Adicionalmente, prevense catro dedicacións parciais, indicando as contías previstas e as persoas ás que se lle encomendarán, sen prexuízo de aclarar que as dedicacións refírense aos cargos e non ás persoas que os desempeñan. Tamén se menciona as asistencias previstas para quen non teña dedicación. Hai que ter en conta que a asistencia leva consigo un traballo previo de preparación. Igualáronse as das Comisións Informativas ás das Xuntas de Goberno. As asignacións aos grupos conteñen unha parte fixa e outra variable en función do número de integrantes. No apartado de retribucións do persoal eventual mantense o posto de Secretaría particular da Alcaldía, así como o de Responsable de comunicación que require titulación de periodismo. Hai un informe de reparos de Intervención, polo que votar a favor da proposta implica levantar tales reparos.

Carlos Javier Abal Valverde, do grupo Popular: Non están de acordo coa distribución proposta e pide que se aclare a dedicación prevista para a Concellería da Terceira Idade, tendo en conta a falta de competencia municipal nesta materia.

Sr. Alcalde-Presidente: Para o goberno é un aspecto importante o que a afecta ás persoas maiores. Estanse facendo cursos para estas persoas no centro da terceira idade da Ramallosa. Ademais temos a ximnasia para maiores e o centro de Alzheimer no colexio de Panxón. Queren reforzar estas actividades e non se pode esquecer que a sociedade está envellecendo cada vez máis o que require axuda institucional, sen esquecer a competencia que pode corresponder a outra Administración. Tamén pensan en construír neste mandato un centro de día para maiores. Por iso se necesita a alguén que estea pendente de atender estas cuestións.

Secretario Xeral: Suxire, que se incorpore unha referencia á necesaria tramitación da modificación do cadro de persoal, para recoller os cambios que afectan ao persoal eventual.

Votación e acordo. Sometido o asunto á votación ordinaria, sinalando a Presidencia que o voto favorable leva consigo o levantamento dos reparos da Intervención, obtívose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, e sinalando a o Pleno do Concello adopta os seguintes





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACORDOS:

A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL

A.1. Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Alcaldía: Retribución íntegra anual: 45.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de *Urbanismo Medio, Ambiente e Mobilidade, Réxime Interior e Persoal*. Retribución íntegra anual: 36.000 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de *Vías e Obras, Servizos Urbanos e Seguridade*. Retribución íntegra anual: 36.000 euros.

A.2. Dedicacións parciais.

1. Titular da Concellería Delegada de *Servizos Sociais*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de *Xuventude, Turismo e Participación Cidadá*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de *Igualdade, Voluntariado e Comercio*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.
4. Titular da Concellería Delegada de *Terceira Idade*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.

A.3. Réxime.

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

A dedicación parcial supón unha dedicación á xestión municipal equivalente á metade da dedicación exclusiva.

No caso dos membros da Corporación con dedicación exclusiva a cotización á Seguridade Social será pola xornada completa e por media xornada no caso de dedicación parcial.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, pero non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Nigrán.

B) INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS

B.1. Indemnizacións.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Aplicarase o réxime previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, e as contías correspondes ao grupo 2.

B.2. Asistencias

Por asistencia efectiva a cada unha das sesións ou reunións deliberantes que celebren os órganos colexiados do Concello, os Concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades:

- Plenos do Concello.....250 euros.
- Xunta de Goberno Local...150 euros.
- Comisións Informativas.....150 euros.

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asígnase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de 200 euros/mes para cada un dos grupos políticos municipais.

- Unha compoñente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de 50 euros/mes por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

C) NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL

Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que tamén se indican:

1. Secretaría da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 28.000 euros.
2. Responsable de comunicación con titulación universitaria en periodismo. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 20.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

D) MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

Tramitarase a correspondente modificación do cadro de persoal para incorporar as





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

variacións no réxime de dedicación e retribucións do persoal eventual que resultan do presente acordo.

VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

Infórmase ao Pleno das Resolucións correspondentes:

A.- MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIA DE ALCALDÍA

Resolución da Alcaldía de 1 de xullo de 2019:

COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Expediente: Organización Municipal
Número: 2019/025S

A Alcaldía, de conformidade coas atribucións que lle outorga o art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local estará integrada, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos/as cinco Concelleiros/as que a continuación se indican:

Rubén Rial Sánchez
Nuria Lorenzo López
Jose Luis Sanromán Román
Alfonso Vázquez Pérez
Marina Vidal Lorenzo

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local exercerá as competencias que lle atribúe o art. 23.2 da Lei 7/85, o art. 53 ROF e demais disposicións concordantes.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á data do presente Decreto, de conformidade co disposto no art. 112.1 do ROF.

CUARTO.- Nomear Tenentes de Alcalde, coas facultades que lle atribúe o art. 47 do ROF e demais disposicións aplicables, aos seguintes membros da Xunta de Goberno Local:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Rubén Rial Sánchez
- Segunda Tenente de Alcalde: Marina Vidal Lorenzo

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente os nomeamentos ás persoas designadas. Tales nomeamentos publicaranse no boletín oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da presente resolución, conforme se indica nos arts. 52.4 e 46.1 do ROF.

B.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Resolución da Alcaldía de 1 de xullo de 2019:

DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

Expediente: Organización Municipal

Número: 2019/025S

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Efectuar as delegacións especiais que a continuación se indican, nos Concelleiros e Concelleiras que se relacionan:

1.1.- Servizo: **ECONOMÍA, FACENDA E EMPREGO**

1.2.- Concelleira-Delegada: *Raquel Giráldez Armas*

1.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- As previstas na lexislación reguladora das Facendas Locais e ás relacionadas co fomento do emprego, no marco das competencias municipais.

2.1.- Servizo: **URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, RÉXIME INTERIOR E PERSOAL**

2.2.- Concelleiro-Delegado: *Diego García Moreira*

2.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Medio ambiente urbano e actuacións contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- Mobilidade e transporte urbano.
- Organización e funcionamento interno das dependencias municipais.
- Persoal ao servizo do Concello.

3.1.- Servizo: **VÍAS E OBRAS, SERVIZOS URBANOS E SEGURIDADE**

3.2.- Concelleiro-Delegado: *Rubén Rial Sánchez*

3.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Infraestrutura viaria de titularidade municipal e obras de competencia municipal.
- Abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, alumeadado público.
- Parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria.
- Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- Tráfico e estacionamento de vehículos.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4.1.- Servizo: **CULTURA**

4.2.- Concelleira-Delegada: *Nuria Lorenzo López*

4.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Promoción da cultura e equipamentos culturais.

5.1.- Servizo: **DEPORTES**

5.2.- Concelleiro-Delegado: *José Luis Sanromán Román*

5.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Promoción do deporte e instalacións deportivas

6.1.- Servizo: **SANIDADE, ABASTOS, MERCADOS, TURISMO SOCIAL E FESTEXOS POPULARES.**

6.2.- Concelleiro-Delegado: *Alfonso Vázquez Pérez*

6.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Protección da salubridade pública.
- Cemiterios e actividades funerarias.
- Abastos e mercados.
- Turismo Social.
- Festexos populares

7.1.- Servizo: **SERVIZOS SOCIAIS**

7.2.- Concelleira-Delegada: *Bibiana Peixoto Iglesias.*

7.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Servizos sociais de competencia municipal.
- Avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social.

8.1.- Servizo: **EDUCACIÓN.**

8.2.- Concelleira-Delegada: *Marina Vidal Lorenzo*

8.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Cooperación e relacións coa Administración educativa, no marco das competencias municipais.
- Vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria
- Actuacións de competencia municipal en edificios escolares.

9.1.- Servizo: **IGUALDADE, VOLUNTARIADO E COMERCIO**





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

9.2.- Concelleira-Delegada: *Patricia Diego Travieso*

9.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Competencias municipais en materia de igualdade e voluntariado.
- Competencias municipais en materia de comercio estable e ambulante.

10.1.- Servizo: **XUVENTUDE, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

10.2.- Concelleira-Delegada: *Cristina Dosil Valverde*

10.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Actividades xuvenís e ocupación do tempo libre.
- Información e promoción turística do municipio.
- Canles de información, colaboración e participación dos cidadáns nos asuntos públicos municipais, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información para esta finalidade.

11.1.- Servizo: **TERCEIRA IDADE**

11.2.- Concelleira-Delegada: *María Mayán Areal*

11.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- A realización de programas e actividades destinados ás persoas maiores.

12.1.- Servizo: **RELACIÓNS VECIÑAIS, MEDIO RURAL E ACTIVIDADES MARÍTIMAS**

12.2.- Concelleiro-Delegado: *Ladislao Alonso Valverde*

12.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Relacións coas entidades veciñais.
- Actuacións relacionadas coas competencias municipais no medio rural.
- Actividades marítimas relacionadas coas competencias municipais.

SEGUNDO.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ó da data deste Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

